

**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO, UN MAR DE CORAIS

PROGRAMACIÓN XANEIRO – ABRIL 2024



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR



ACOPOVI, unha asociación de corais de Vigo que dende antes da súa fundación no 2005 leva traballando pola difusión, enriquecemento e potenciación da interpretación da música coral en todas as súas vertentes: culta, popular e de autoría propia. É determinante o seu labor no aspecto social, que implica a participación de xeito afeccionado nunha formación musical, onde o afecto, a amizade, a solidariedade, a tolerancia e o cariño, son valores emocionais das persoas que integran as propias corais polifónicas.

Nesta descripción queremos mostrar parte da nosa actividade anual de concertos:

DÍA DE ACOPOVI, unha festa da nosa asociación onde se entregan galardóns moi especiais: a unha vida entregada ao mundo coral e ao apoio ás corais de Vigo.

HABANERAS, o festival coral estrela da nosa programación que mostra esas fermosas cancións de ida e volta, de Vigo a América, que nos falan de amor, desamor e aventuras producidas entre as dúas beiras do noso mar. Nesta edición, nun marco incomparable como é o Teatro García Barbón.

MÚSICA SACRA, un festival coral con música culta destinada a espallar o misticismo da paixón. Un programa de concertos polos principais templos da nosa cidade.

Dende ACOPOVI facemos toda esta actividade para o disfrute do noso querido público, que leva escoitándonos todo este tempo con absoluta fidelidade. Dende ACOPOVI, grazas.

Por último, grazas ao CONCELLO DE VIGO e ao seu Alcalde Abel Caballero, polo apoio sempre firme e importante para que ACOPOVI sexa o que somos.

A Xunta Directiva de ACOPOVI



A música que habita en Vigo arrolará aos vigueses coas voces que conforman os andamios dos tres festivais que programastes de xaneiro a abril.

Cos sons das composicións de distintos estilos musicais, recreados polos espectaculares intérpretes da Asociación de Corais Polifónicas, ACOPOMI, volveredes a poboar o Teatro García Barbón e as igrexas parroquiais da cidade para deleite dos numerosos amantes da música.

A vosa incansable vocación por ofrecer repertorios construídos coas creacións musicais más atractivas volverán encher Vigo cos ritmos das habaneras más doces e suxestivas, ademais de coa solemnidade da música sacra.

O voso amor e a paixón pola música destílanse en cada voz e intérprete dos concertos cos que perpetuades unha programación marcada pola sensibilidade e polo obxectivo de manter o camiño iniciado de gañar novos adeptos de Vigo á vosa causa, que é a de toda a cidade.

Agradecemos a xenerosidade do voso incansable empeño e dedicación para manter a Vigo como a cidade de referencia na interpretación coral, e por ofrecer, ano tras ano, programas e concertos cun gran atractivo e forza musical.

Anímovos a seguir coa senda que vos marcastes de perpetuar a música coral en Vigo, e que as 40 corais que conforman ACOPOMI sigades engrandecendo o ámbito da cultura musical da cidade.

Abel Caballero

Alcalde de Vigo

**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO, UN MAR DE CORAIS

13º Día de ACOPOVI

· TEATRO AFUNDACIÓN ·

28 xaneiro 2024 | ás 18:00 h



VIGO, UN MAR DE CORAIS

13º DÍA DE ACOPOLI

TEATRO AFUNDACIÓN (Teatro García Barbón)

28 de xaneiro de 2024 ás 18 horas

CORAL POLIFÓNICA DA SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ

50 aniversario

Dirixe: Enrique Lorenzo Vila

AO VER QUE NON TIÑAS NOME
DOÑA FRANCISQUITA: Coro de Románticos
LA VIUDA ALEGRE: Vals

A. Paz Valverde
Amadeo Vives
Franz Léhar

CORAL POLIFÓNICA SÉNIOR CAMPUS VIGO

Dirixe: Jacobo García González

COHORS GENEROSA
CANTATA 147 “Jesus bleibet meine Freude”
AY, LINDA AMIGA

Zoltán Kodály
J. S. Bach
Eduardo Martínez

ENTREGA DE GALARDÓNS

- **PREMIO ACOPOLI 2024:** a unha vida entregada ao mundo coral
- **PREMIO ACOPOLI 2024:** ao apoio ás corais de Vigo

CORAL POLIFÓNICA CANTOS DE LIBERDADE

Dirixe: César Lorenzo Álvarez

OTI DU
OS TEUS OLLOS
O MILHO DA NOSSA TERRA

Kapla de Georgia
C. Enríquez / C. Chané
Tradicional / L. Graça

CORAL POLIFÓNICA DO CVC DE VALLADARES

50 aniversario

Dirixe: Xavier Comesanha Pereira

BARCAROLA
LA TRUCHA
LA PALOMA

Emilio Arrieta
Franz Schubert
Sebastián Iradier

**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO, UN MAR DE CORAIS

18º Festival de Habaneras e Polifonía

· TEATRO AFUNDACIÓN ·

4, 25 febreiro · 3, 10 marzo

7, 14 e 21 abril 2024 | ás 18:00 h



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

vigo.org

A dorna vai e vén

Si miña señora á i-alba de Arousa beilar,
poñereille, belida, un ventiño no mar.

A dorna vai e vén,
que meu amor ten!

Poñereille unha frauta e mais un reiseñor
e unha longa soedade coma a do mar maior.

A dorna vai e vén,
que meu amor ten!

Na illa Cortegada poñereille un galán
por pastor de mareas co seu remo na man.

A dorna vai e vén,
que meu amor ten!

Poñereille unha gaita no bico da ría
e unha abelaneira no medio do día.

A dorna vai e vén,
que meu amor ten!

ÁLVARO CUNQUEIRO, Mar ao norde (1932)



Domingo, 4 de febreiro ás 18 horas

Coral Polifónica O Coto do Carballal

Dirixe: Javier Alonso Pérez

Soño de prata
Perla antillana
Era una flor
Nouturnio
O rodaballo

Manuel de Dios
F. Rey Rivero
R. Duyos / J. Romo
J. Olds / Rey Rivero
Popular / Joaquín Broto

Coro Voces Graves de Vigo

Dirixe: Alberto Abal García

Dulce Voz
Triste, muy triste
Boga, boga
Olhos pretos
Huri

X. Alfredo Oliveira
Miguel Matamoros
Jesús Guridi
Tradicional Azores / M. Torreira
Anónimo

Coral Polifónica Lira de San Miguel de Oia

Dirixe: Jorge Fernández González

Salió de Jamaica
La golondrina
Solamente una vez
Yo no sé cómo quererte
Casiñas brancas

R. Lafuente / A. Viro
N. Sarradell / N. Juárez
Agustín Lara
Alsirio, Jesús e Jorge Fdez
Grupo Lareira / J. Fernández

Coral Polifónica Alborada da AVCD de Cabral

Dirixe: Míriam Freiría Rial

Ai, Lola, se ti me queres
Esto es amor
Una lágrima
Nosa Señora da Guía
Viento del norte

Popular / T. Garbizú
Javier Domínguez
Anónimo / Rey Rivero
Popular / Rey Rivero
Hermanos Agüero

Orfeón Mariñeiro do Berbés

Dirixe: Luis Prego Fernández

Alalá de Pontevedra
Foliada de Carril
Santo Cristo de Fisterra
Ribeirana de Vigo
A roupa do marinheiro

Tradicional
B. del Río / C. Sanmartín
Tradicional
Tradicional
Tradicional do Minho

Domingo, 25 de febreiro ás 18 horas

Coral Polifónica Anduriña de Coruxo
Dirixe: Javier Santalices Silva

De colores
Por el mar
Jardín de ensueño
Thula baba thula sana
May it be

J. Trayter
Isabel Pareja / Moreno Buendía
F. Rey Rivero
Tradicional africana
Bhraonain / Nick e Roma Ryan

Coral Polifónica M^a Madre Buen Pastor – P. Capuchinos
Dirixe: Miguel Francisco Moreno Pérez

Blanco velero
Con sabor tropical
Al compás de una habanera
Meu amor é mariñeiro
Arría la vela

Juan Hernández Sanz
Jorge Domingo
Evaristo P. García
Xosé L. Rivas
Anónimo

Coro “Son das flores” do CEIP Vicente Risco de Teis
Dirixe: Livia Leal Caneiro

El canon de las frutas
La vida es bella
O xardín cantareiro
Son das flores

Anónimo
Nicola Piovani
José Prieto
Ernesto Campos

Coral Polifónica da UVCD de Candeán
Dirixe: Lara González Cortés

La playa del querer
Mira que eres linda
Ay! mi marino de “La galerna”
Todas las mañanitas
Alecrín dourado

Popular
Julio Brito
A. Gutiérrez / Alfonso Ruiz
Manuel Penella
Popular

Coral Polifónica do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo

Dirixe: Nanette Sánchez Ordaz

La dulce habanera
Habanera de mi amor
Habanera salada
O maio
A Rianxeira

R. Lafuente / M. Guirao
Ernesto Lecuona / G. Casielles
Ricardo Lafuente
Curros E. / Batallán / E. Justo
Popular / A. Viro

Coral Polifónica Agarimo

Dirixe: Lucas Alonso Pérez

La perla
Era una flor
Bullerengue
Meus amores
De ronda

Ángel Viro
Rafael Duyos / Jesús Romo
J. A. Rincón
Popular / M. Molinos
Popular / Rey Rivero

Domingo, 3 de marzo ás 18 horas

Coral Polifónica do CVC de Valladares

Dirixe: Xavier Comesanha Pereira

Perla antillana
Cubana y Española
La paloma
A rosa blanca
Quizás, quizás, quizás

F. Rey Rivero
Ricardo Lafuente
S. Iradier
F. Rey Rivero
O. Farrés / X. Comesanha

Coral Polifónica da SCD Nautilus de Comesaña

Dirixe: David González Sobrino

Te quisiera llevar
Meus amores
Santillana
Popurri galego
Mi gran noche

A. López García / J. Alonso
J. Baldomir
J. B. Lago
Popular / A. Viro
S. Adamo / Raphael

Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán

Dirixe: Xosé Alfredo Oliveira

Veinte años
Si te dejo de amar
Peixiño de cristal
Amor prohibido
O asubío

M^a Teresa Vera / C. Lorenzo
Emilia Alejos / X. A. Oliveira
Álvarez Blázquez / X. A. Oliveira
Anónimo / X. A. Oliveira
Manuel María / Paz Valverde

Coral Polifónica María Auxiliadora

Dirixe: Alberto Abal García

Soledades
La caña dulce
Romance
La golondrina
Zamba de mi esperanza

A. Paz Valverde
M. Massotti Littel
Anselmo Iglesias
E. Juárez
Luis H. Profili

Coral Polifónica San Roque de Vigo

Dirixe: Rafael Pérez Dopeso

Compás de habanera
Cançao do mar
La bella Lola
Yo no sé como quererte
Mamma mía!

Evaristo F. Pérez
Trindade / F. de Brito
arr. Rafael Pérez Dopeso
Alsirio Fernández
Abba



Domingo, 10 de marzo ás 18 horas

Coral Polifónica Máximo Gorki

Dirixe: César Lorenzo Álvarez

Le novelas de amor
Tu presencia
Paloma mensajera
Adiviña
Postal de guerra

César Lorenzo Álvarez
Habanera popular
J. Ruiz Gasch
César Lorenzo Álvarez
Mª Elena Walsh / R. Mejía

Coral Polifónica do Centro Social de Rivera Atienza

Dirixe: Míriam Freiría Rial

A ti, María Luisa
Esto es amor
Cubanita preciosa
Compañeira
Chiquitita

Víctor Fernández Nogueiras
Javier Domínguez Millán
Popular
Fuxan os Ventos/J. Domínguez
Abba / Carolina Badía

Coral Polifónica Vivacce da AECC

Dirixe: José Manuel Barbosa Fernández

Rosita de un verde palmar
Yo te diré
A branca gaivota
Cantiga LXXVII
Alalá de Vigo

Popular
J. Halpern
Jesús Méndez Torrado
Alfonso X “O Sabio”
Xosé Casal

Coral Polifónica da SCD Atlántida de Matamá

Dirixe: Enrique Lorenzo Vila

Rosina
La golondrina
Háblame del mar, marinero
Mar y cielo
O rodaballo

Popular / Gonzalo Casielles
José Pagán López
adapt. Enrique Lorenzo
J. Rodríguez / J. L. Blasco
Joaquín Broto / César Lorenzo

Coro de Cámara Rías Baixas

Dirixe: Brais González

Anoche se me ha perdido
Junto al mar
A la vora del mar
Ondas do mar de Vigo
Alfonsina y el mar

Brais González
Brais González
Juán Durán
Martín Codax
A. Ramírez / Vivian Tabbush

Coral Polifónica Rosalía de Castro do Colexio Médico

Dirixe: Isidro Betancourt Benítez

Perla antillana
Meus amores
El Yumurí
Can't help falling in love
Catro vellos mariñeiros

F. Rey Rivero
J. Baldomir
D. Ramón i Lluch
George Weiss
Popular / J. Domínguez

Domingo, 7 de abril ás 18 horas

Coral Polifónica Apóstol Santiago

Dirixe: Emilio Justo Rodríguez

A tu lado
Ausencia
Cubanita preciosa
Acércate más
Canción do temporal

A. Mena / Javier Busto
Jaime Prat / Electo Silva
Popular / Teresa Pérez
Popular
A. Carballo / Juan López

Coral Polifónica da AVCR “San Mamede” de Zamáns

Dirixe: Enrique Lorenzo Vila

A Virxe do Portovello
Linda flor
Habaneras de España
Viento del norte
Vigo del alma

Manuel de Dios
F. Rey Rivero
arr. Enrique Lorenzo
Hermanos Agüero
Anónimo

Coral Polifónica Perla do Atlántico de Alcabre

Dirixe: Marisa González Monroy

No volveré
Foliada de Rueiro
A fondo perdido
Olliños de mel
Habanera para Vigo

M. González Esperón
Popular
Faustino Martínez García
Xosé L. Blanco Campaña
J. Baz Mauri / M. González

Coral Polifónica de Entienza (Salceda de Caselas)

Dirixe: Víctor Fernández Nogueiras

La golondrina
Bolboreta
Al maestro Rey Rivero
El mar
Es mi vida

N. Serradell / Rey Rivero
F. Rey Rivero
V. Fernández / J. Iglesias
Felix Mendelssohn
F. Rey Rivero

Coral Polifónica Voces do Torreiro de Coia

Dirixe: Carol Badía Mascarell

Ás Illas Cíes
Soñando junto al mar
La llamada
Cantiga de primavera
Muradana

Jesús Vicente / Carol Badía
Luis Sánchez
Armando Bertomeu
F. Rey Rivero
Popular / Miguel Groba

Coral Polifónica San Pelayo de Navia

Dirixe: Emilio Justo Rodríguez

¿Qué es una habanera?
La paloma
Alma llanera
Dulce embeleso
O maio

Ricardo Lafuente Aguado
Los Panchos
Pedro E. Gutiérrez
Electo Silva
E. Batallán / E. Justo



**CONCELLO
DE VIGO**



Domingo, 14 de abril ás 18 horas

Coral Polifónica Lembranzas Galegas de Lavadores

Dirixe: Rosana Cayetano Barrera

Habanera salada
Paseando por el Malecón
La paloma
O neno dormía
Cuando calienta el sol

Ricardo Lafuente
Rosa Mª Tarruell / G. Casielles
S. Iradier
A. Paz Valverde
C. Martinoli / C. Rigual

Coral Polifónica Val do Fragoso

Dirixe: Teresa Paz Román

¡Ay, mulatita!
Habanera divina
A ti
Quizás, quizás, quizás
Piel canela

Fco. José Serrano Luque
A. Martínez / M. Massotti
R. Hernández / Isabel Torregrosa
Oswaldo Farrés
Bobby Capo

Agrupación Coral de Nava – Asturias

Dirixe: María Peñalver San Cristóbal

Desde alta mar
Una lágrima
Huellas en la arena
Chalaneru
Si la nieve resbala

Dante Andreo
Anónimo / Rey Rivero
Gádor Enríquez
Ángel Émbil
Julio Domínguez

Coral Polifónica Santa Clara de Lavadores

Dirixe: Lino Borroto Vargas

Las cuatro palomas
Torrevieja
Perla antillana
Lela
Ojos brujos

Ignacio Prieto / Electo Silva
Ricardo Lafuente
F. Rey Rivero
Castelao / C. Seráns
Gonzalo Roig

Coro Rociero
Dirixe: José Ángel Rey Piñeiro

Fúlgida luna
Te quisiera llevar
La capitana
Os teus ollos
La Valentina

Gonzalo Roig / Rey Rivero
A. López García / J. L. Blasco
Carlos Rubiera
Curros Enríquez / J. Castro Chané
Popular / Alain Langréé

Coral Polifónica Allegro
Dirixe: Preciosa Ucha Sobral

El juramento
Tu
Habanera de Carmen
Aleluia
El ciclo vital

M. Matamoros / Electo Silva
Fernán e Eduardo Sánchez Fuentes
Georges Bizet
L. Cohen / Adrián Rivas
Elton John / Adrián Rivas

Domingo, 21 de abril ás 18 horas

Coral Polifónica Riomao do Calvario
Dirixe: Eladio M. Bargiela Durán

Una lágrima
Gaviotas
Mariñeiro galego
Troulada mariñeira
Lela

Anónimo / Rey Rivero
Faustino C. Morando
Ramón Oliveira
Eladio M. Bargiela
Castelao / Rosento Mato

Coral Polifónica Hospital de Lugo
Dirixe: Fernando Gómez Jácome

La sirena
Allá en mi Cuba
Canción do temporal
Alalá de Muxía
Vuelvo

Popular / Rey Rivero
X. Montsalvatge
Amado Carballo / J. López
Tradicional
Benedetti / Fabero / Cangiano

Coral Polifónica do CSCR de Beade
Dirixe: Nani Lima Montenegro

El Saboyano de “Luisa Fernanda”	F. Moreno Torroba
De colores	J. Trayter
Pregúntale a las estrellas	Ángel Émbil
Do mar pola orela	Curros Enríquez / J. Domínguez
Y tú, ¿qué has hecho?	Eusebio Delfín

Rondalla de Cariño
Dirixe: Marisa Novo Fraguera

Mujer	Juan Ignacio Ibarra
No llores amores	Anónimo
Isla de amor	arr. Pepín do Soto
Cruz de olvido	Juan Zaízar
Foliada marmuradora	Treixadura

Coral Polifónica Cantos de Liberdade
Dirixe: César Lorenzo Álvarez

Habanera divina	M. Endique / Manuel Massotti
Yo quiero ser marinero	Vicente Más / Manuel Celdrán
Todas las mañanitas	Manuel Penella
O milho da nosa terra	Fernando Lopes Graça
Trabajos de la viña	Damián Sánchez

Coral Polifónica de Teis
Dirixe: Eladio M. Bargiela Durán

La golondrina	E. Juárez
Te vas	Eladio M. Bargiela
Te quiero	Benedetti / Fabero / Cangiano
Chora a fraga	Eladio M. Bargiela
Salitre nos beizos	Eladio M. Bargiela

**CONCELLO
DE VIGO**



17º FESTIVAL CORAL DE MÚSICA SACRA

na memoria de

Xulio Mosquera González e Vicente Rodríguez Abeijón

VIGO 2024

21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 30 e 31 de marzo

6 de abril





XULIO MOSQUERA GONZÁLEZ e VICENTE RODRÍGUEZ ABEIJÓN

IN MEMORIAM

ACOPOVI recorda con este Festival a dous “premios a unha vida entregada ao mundo coral”, a dúas persoas boas e xenerosas, grandes amigos e compañeiros, que vivían a música, e en especial as corais, con enorme paixón.

Traballaron arreo polas corais de Galicia e de Vigo en particular. O seu labor ennobrece o noso patrimonio.

De Xulio Mosquera destaca a escolma poética musicada da obra de Rosalía de Castro composta por máis de cincocentas obras, salienta a recompilación das versíons de “Negra sombra”.

Vicente R. Abeijón recolle a diversidade cultural adaptando partituras nos idiomas orixinais e vertendo ao galego centos de cancións doutras linguas con rigorosa sensibilidade.

Para ACOPVOI é un honor recordar estes grandes persoeiros da cultura galega a través do Festival de Música Sacra.

“Canere in tota Gallaecia pulcherrimam civitatem”.

XULIO MOSQUERA GONZÁLEZ (por Vicente Rodríguez Abeijón)

Xa desde ben neno Xulio Mosquera vive a música con paixón. Estando áinda de alumno no Seminario de Tui, aproveita calquera intre de lecer para sentarse a teclear ante un vello piano ou ante un armonium máis ou menos a punto. Estes momentos tan felices para el compleméntaos cos ensaios e actuacións da Schola Cantorum do centro onde canta como barítono baixo.

Co tempo convértese na alma máter do Coro Clásico de Vigo. Alí canta, busca concertos e leva as finanzas.

A principios dos oitenta involúcrase en corpo e alma na Federación Coral Galega, que tiña daquela a sé en Vigo (na rúa República Arxentina) á beira de onde el leva unha entidade aseguradora. É nomeado arquiveiro de FE.CO.GA. O mesmo Xulio, falando deste evento, deixou escrito: “naqueles tempos tiña eu máis de dous milleiros de partituras, a Federación non chegaba a trescentas”. E o arquivo coral, en parte grazas a el, crece en proporción xeométrica. Ademais do seu labor musical, realiza, como arquiveiro, unha tarefa solidaria: reparte gratuitamente centos de partituras a cantos llo solicitan, primeiramente en Vigo e o seu contorno, logo a toda Galicia, resto de España e Centros Galegos de Europa e América.

Ó mesmo tempo exerce de asesor e pedagogo para os coros que comezan a rodar e para os que precisan axuda. É nestes intres cando, aproveitando as súas conexións e amizades, “deulles traballo” (¿?) a xóvenes e cualificados compositores, convidándoos a reharmonizar temas galegos xa coñecidos e a crear cancións novas. Así, contacta con Ángel Barja, Celada Alonso, A. Paz Valverde, Nemesio García Carril, Miguel Groba, Jorge Alves Barbosa... Máis adiante faría o mesmo con outros.

En tempos máis recentes, o 15 de xullo, co gallo do cabodano da morte de Rosalía de Castro, remata un proxecto co que leva anos: unha escolma coa obra poética musicada da nosa poetisa, composta por máis de cincocentas obras, algunas delas ológrafas, 113 títulos discográficos en vinilo ou CD con letras rosalianas ou doutros poetas na súa honra. Neste traballo hai que salientar a recompilación das versións de “Negra sombra” ata os nosos días. Aparte da orixinal de Xoán Montes recolle outras como a do Padre Nemesio Otaño, Nemesio García Carril, Roxelio Groba, Xoán Trillo, Xulio Domínguez ou as “novas” de Alves Barbosa e de Casiano Paredes.

Como se todo isto fose pouco, un día, lendo o epicedio de Rosalía de Castro, ocórreselle a idea de lle poñer música. Referímonos ó poema que leva por título “Do mar pola orela” e que remata cos versos: “Ai dos que levan na frente unha estrela!; ai, dos que levan no bico un cantar!”

Como execelente home de relacions públicas que é, Xulio consegue convencer os suficientes compositores en Europa e América para que lle fagan vinte versións corais noutras tantas linguas, incluído grego moderno e grego clásico. Todo un Quixote!

O profesor Xesús Alonso Montero, quen lle prologou o seu traballo, outorgoulle ó noso amigo o título de “Campaneiro maior de Bastabales”. Desexamos que o sexa por moitos anos e que todos o poidamos ver.

VICENTE RODRÍGUEZ ABEIJÓN

Comeza os seus estudos musicais na Academia de Música da Banda Municipal de Vilagarcía de Arousa; segue logo o solfexo de forma privada co músico profesional Xerónimo Gargallo.

Instalado en Vigo, termina Linguaxe musical no Conservatorio da cidade olívica, que simultanea cos estudos de Guitarra clásica, Canto e Harmonía. Nos seus anos de estadía no Seminario de Tui traballa co coro infantil de dita institución, ao mesmo tempo que actúa como cantor na Schola Cantorum e dirixe unha orquestra de pulso e púa. Fai alí catro anos de Canto Gregoriano. Acada o título de bacharel en Filosofía Escolástica e Teoloxía e tamén en Lingua Inglesa pola Universidade de Cambridge.

Os inicios da década dos setenta pasaos nas Illas Británicas, no Ampleforth College de Yorkshire onde traballa como ensinante e colabora co coro xuvenil do Centro.

De volta a Vigo, dirixe a coral do Centro Cultural de Teis durante quince anos. Por esas datas xorde FE.CO.GA. (Federación Coral Galega) da que R. Abeijón é o seu primeiro presidente – fundador. Durante unha década el é, ademais, o Coordinador Técnico da Institución e responsable da publicación periódica GALICIA CANTAT, única revista coral de toda España. Artella encontros corais e cursiños de formación para coristas e directores...

En canto aos coros infantís e xuvenís, traballa sucesivamente co coro do colexió “Vista Alegre”, “Irmás Carmelitas” e “Helios”, todos da cidade de Vigo.

Funda e dirixe o Coro Universitario de Vigo; pon en marcha a Coral de Candeán, o Coro Municipal de Gondomar e o Coro “Máximo Gorki”; levou adiante o Coro de Pensionistas “Pi i Margall”, onde tratou de conxugar o canto coa terapia musical; dirixe a Coral Polifónica “Helios” de Bembrive durante 45 anos.

Participou en cursos de Técnica Vocal e Dirección con Erwin List, Helmut Lips, Monserrat Pueyo, Joseph Prats e unha longa lista de persoeiros neste eido. Con Xurxo Alves Barbosa ten publicado o “Cancioneiro Coral Galego”. Os seus coñecementos ligüísticos de francés, inglés e alemán permítelle facer versións en galego e castelán de cancións doutros países.

Durante moitos anos foi membro do CONSELLO DA CULTURA GALEGA (Ponencia de Música e Artes Escénicas).

O seu obxectivo vital é impregnarnos de cultura para non deteriorar a nosa esencia humana; sen esquecer os engaiolantes loumiños ao idioma propio, seguir os vieiros do canto coral ata chegar ao corazón de quen nos escoita.

IGREXA DO CORAZÓN DE MARÍA (r/ Honduras)
Xoves, 21 de marzo ás 20:30 h

CORAL POLIFÓNICA ROSALÍA DE CASTRO DO COLEXIO MÉDICO
Dirixe: Isidro Betancourt Benítez

Señor ten piedade	Ángel Viro
Alleluia, io sono il Buon Pastore	Marco Frisina
Ave verum corpus	W. A. Mozart
Año de Deus	Ángel Viro
Ave María	Julio Domínguez
Tenebrae	F. Rey Rivero
Requiem aeternam	F. Rey Rivero

IGREXA DO CARME (Travesas)
Venres, 22 de marzo ás 19:00 h

CORAL POLIFÓNICA APÓSTOL SANTIAGO
Dirixe: Emilio Justo Rodríguez

Ave verum corpus	W. A. Mozart
Ecce quam sit	Anónimo / F. Bohlin
Gloria in excelsis Deo	A. Vivaldi
Abide with me: Introito	W. H. Monk
Réquiem op. 48: Libera me	Gabriel Fauré
Miserere	J. S. Bach
Qui, presso a Te	W. A. Mozart
Sion: Hodie	G. F. Haendel
Stabat Mater	Zoltán Kodály
Tenebrae factae sunt	M. Haydn
The Lord's Prayer	Albert H. Malotte
Panis Angelicus	César Franck



**CONCELLO
DE VIGO**



BASÍLICA – CONCATEDRAL SANTA MARÍA DE VIGO

Venres, 22 de marzo ás 19:00 h

CORAL POLIFÓNICA ROSALÍA DE CASTRO DO COLEXIO MÉDICO

Dirixe: Isidro Betancourt Benítez

Señor ten piedade

Ángel Viro

Alleluia, io sono il Buon Pastore

Marco Frisina

Ave verum corpus

W. A. Mozart

Año de Deus

Ángel Viro

Ave María

Julio Domínguez

Tenebrae

F. Rey Rivero

Requiem aeternam

F. Rey Rivero

IGREXA DAS NEVES EN TEIS

Venres, 22 de marzo ás 19:30 h

CORAL POLIFÓNICA DO COLEXIO DA AVOGACÍA DE VIGO

Dirixe: Nanette Sánchez Ordaz

Kyrie

Misa de Angelis

Stabat Mater

Zoltán Kodály

Cantata 147: Jesu bleibet meine freude

J. S. Bach

Pie Jesu

Andrew LL. Webber

Cantique de Jean Racine

Gabriel Fauré

Ave verum corpus

W. A. Mozart

CORAL POLIFÓNICA DE TEIS

Dirixe: Eladio Bargiela Durán

Ave María

Jacques Arcadelt

Signore delle Cime

Giuseppe di Marzi

Ave verum corpus

Charles Gounod

Ave María

Vladimir Vavilov

Himno al Sagrado Corazón de La Guía

Daniel Goberna

IGREXA DE SANTA LUCÍA NA SALGUEIRA
Venres, 22 de marzo ás 20:00 h

CORO DONAS CANTICUM DO CVG

Dirixe: Teresa Paz Román

Polorum Regina	s. XIV
Cuncti simus concanentes	s. XIV
Laudemus virginem	s. XIV
Ábrase el reino del cielo	Anónimo s. XVI
Así andando	Anónimo s. XVI
Xicochi conetzintle	Gaspar Fernández

CORAL POLIFÓNICA MARÍA AUXILIADORA

Dirixe: Alberto Abal García

Ubi caritas et amor	Jacques Berthier
Nada te turbe	Jacques Berthier
Fratello sole sorella luna	Riz Ortolani
Salve Regina	San Pedro Mezonzo
Madre de mi esperanza	Luis Profili

CORAL POLIFÓNICA VAL DO FRAGOSO

Dirixe: Teresa Paz Román

Dulce Jesús mío	Anónimo
Kyrie eleison	William Byrd
Agnus Dei	Eugène Butler
Jesu! Rex admirabilis	G. Palestrina
Ave María	Julio Domínguez

IGREXA DO SAGRADO CORAZÓN (r/ Rosalía de Castro)

Venres, 22 de marzo ás 20:30 h

CORAL POLIFÓNICA AGARIMO

Dirixe: Lucas Alonso Pérez

Canticorum iubilo	G. F. Haendel
Hymne à la nuit	J. P. Rameau
Dona nobis pacem	W. A. Mozart
¡Maestro, se encrespan las aguas!	Mary Baker / Palmer
Signore delle cime	Giuseppe di Marzi
Acerquémonos todos al altar	Francisco Palazón
Cantata 147: Jesu bleibet meine freude	J. S. Bach
Salve Rociera	Diego Casares
Salve marinera	Cristóbal Oudrid

CAPELA DAS TRINITARIAS (r/ Ecuador)

Sábado, 23 de marzo ás 18:30 h

CORAL POLIFÓNICA ALBORADA DA AVCD DE CABRAL

Dirixe: Míriam Freiría Rial

Laudate Dominum

G. F. Haendel

Benedicat vobis

G. F. Haendel

Nosa Señora da Guía

F. Rey Rivero

1492: La conquista del paraíso

Vangelis

Signore delle cime

Giuseppe di Marzi

CORAL POLIFÓNICA ENARMONÍA

Dirixe: Manuel Cunqueiro

Sicut cervus

G. Palestrina

Ubi caritas

Ola Gjeilo

Oh, lux beatissima

Howard Helvey

Stabat Mater

Zoltán Kodály

Oh, Sacrum Convivium

Luigi Molfino

IGREXA SAN MIGUEL DE BOUZAS

Sábado, 23 de marzo ás 19:30 h

CORAL POLIFÓNICA RIOMAO DO CALVARIO

Dirixe: Eladio Bargiela Durán

Tu presencia

Xosé A. Oliveira

Alzaos ya, portales de Sión

Georg Weissel

¡Maestro, se encrespan las aguas!

Mary Baker / Palmer

Oye piadoso

Dimitri Borkniansky

En el monte Calvario

George Bennard

CORO SÉNIOR CAMPUS DE VIGO

Dirixe: Jacobo García González

Signore delle cime

Giuseppe di Marzi

Lascia ch'io pianga

G. F. Haendel

Cohors generosa

Zoltán Kodály

Canticorum iubilo

G. F. Haendel

Cantata 147: Jesu bleibet meine freude

J. S. Bach

IGREXA DOS PADRES CAPUCHINOS (r/ Vázquez Varela)

Sábado, 23 de marzo ás 19:30 h

CORAL POLIFÓNICA MARÍA MADRE DEL BUEN PASTOR

Dirixe: Miguel Francisco Moreno Pérez

Signore delle cime
Stabat Mater
Ti es, Señor, a miña rocha
Nada te turbe
Regina caeli
Domine Deus
Hallelujah
Ave verum corpus
Ave María

Giuseppe di Marzi
Zoltán Kodály
J. S. Bach
Jacques Berthier
Andrew Smith
Ostinato clásico
Leonard Cohen
W. A. Mozart
Francisco Palazón

IGREXA DA SOIDADE (O Castro)

Sábado, 23 de marzo ás 19:45 h

CORAL POLIFÓNICA APÓSTOL SANTIAGO

Dirixe: Emilio Justo Rodríguez

Ave verum corpus
Ecce quam sit
Gloria in excelsis Deo
Abide with me: Introito
Réquiem op. 48: Libera me
Miserere
Qui, presso a Te
Sion: Hodie
Stabat Mater
Tenebrae factae sunt
The Lord's Prayer
Panis Angelicus

W. A. Mozart
Anónimo / F. Bohlin
A. Vivaldi
W. H. Monk
Gabriel Fauré
J. S. Bach
W. A. Mozart
G. F. Haendel
Zoltán Kodály
M. Haydn
Albert H. Malotte
César Franck



**CONCELLO
DE VIGO**



IGREXA SANTA EULALIA DE ALCABRE
Sábado, 23 de marzo ás 20:00 h

CORAL POLIFÓNICA DO CSCR DE BEADE
Dirixe: Nani Lima Montenegro

Ave María
Benedicat Vobis
Signore delle cime
Do mar pola orela
Canticorum iubilo

John Rutter
G. F. Haendel
Giuseppe di Marzi
Curros Enríquez / J. Domínguez
G. F. Haendel

CORAL POLIFÓNICA PERLA DO ATLÁNTICO DE ALCABRE

Dirixe: Marisa González Monroy
Piano: Cándido Cabaleiro Paz

Oh, salutaris Hostia
Oh, Señor, delante de Ti
Ave Maris Stella
Hallelujah
Dulce Jesús

Michael Haydn
Carmelo Erdozain
Anónimo
Leonard Cohen
Anónimo

IGREXA SANTIAGO DE VIGO
Sábado, 23 de marzo ás 20:15 h

CORAL POLIFÓNICA AMADEUS
Dirixe: Juanjo Cura

Missa Brevis
Kyrie – Sanctus – Benedictus – Agnus Dei
Stabat Mater
M'anigye se
If we ever needed the Lord before

Antonio Lotti
Zoltán Kodály
Osei Boateng
Thomas A. Dorsey



**CONCELLO
DE VIGO**



IGREXA DO PERPETUO SOCORRO (Travesas)
Domingo, 24 de marzo ás 20:00 h

CORAL POLIFÓNICA SANTA CLARA
Dirixe: Lino Borroto Vargas

Cordero de Dios	Marco Frisina
Santo	Marco Frisina
Pan y Vino serán tu cuerpo y sangre	Beatriz Corona
Panis Angelicus	Cesar Franck
Ave María	Jacob Arcadelt

CORAL POLIFÓNICA ALLEGRO
Dirixe: Preciosa Ucha Sobral

Dona nobis pacem	W. A. Mozart
Pater noster	Chaikovski
All my trials	Norman Luboff
Kyrie eleison	Hans Leo Hassler
Aria da Suite nº 3	J. S. Bach
Deo gratias	Urmas Sisask
Angele Dei (Gabriel's oboe)	Morricone /Rowlands

IGREXA DOS PICOS NO CALVARIO
Luns, 25 de marzo ás 19:00 h

CORAL POLIFÓNICA ASOMAMOS DE MOS
Dirixe: Eladio Bargiela Durán

Pai, eu póñome nas túas mans	Isauro García
Dona nobis pacem	W. A. Mozart
Cerca de Ti, Señor	L. Mason
Kyrie eleison	E. Gairelbak
Junto a ti, María	Kairoi

CORAL POLIFÓNICA LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA
Dirixe: Jorge Fernández González

Bellas palabras de vida	Philip P. Bliss
Señor, me cansa la vida	A. Machado / J. García
Sancta María	Johannes Schweitzer
Ave María	Julio Domínguez
Signore delle cime	Giuseppe di Marzi

CORAL POLIFÓNICA RIOMAO DO CALVARIO

Dirixe: Eladio Bargiela Durán

Tu presencia
Alzaos ya, portales de Sión
¡Maestro, se encrespan las aguas!
Oye piadoso
En el monte Calvario

Xosé A. Oliveira
Georg Weissel
Mary Baker / Palmer
Dimitri Borkniansky
George Bennard

IGREXA DOS PADRES CAPUCHINOS (r/ Vázquez Varela)

Mércores, 27 de marzo ás 20:30 h

CORAL POLIFÓNICA SAN PEDRO DE DOMAIO

Dirixe: José Manuel Barbosa Fernández

Cantata 88: La blanca mano
Pan de vida nueva
O Sanctissima
Eu son o Bo Pastor
Nada te turbe

J. S. Bach
Marco Frisina
Popular de Sicilia
Marco Frisina
Jacques Berthier

CORAL POLIFÓNICA VIVACCE DA AECC

Dirixe: José Manuel Barbosa Fernández

Cantiga 77: Da que Deus mamou
Panis Angelicus
Ave verum
Anima Christi
Nada te turbe

Alfonso X “O Sabio”
Louis Lambillotte
Lorenzo Perosi
Marco Frisina
Jacques Berthier

IGREXA DO ROCÍO EN COIA

Domingo, 31 de marzo ás 12:30 h

CORAL POLIFÓNICA ARS VOCALIS DO CCAR RUEIRO DE COIA

Dirixe: Manuel Cunqueiro

Oh, lux beatissima
Alma Redemptoris Mater
Stabat Mater
Ubi caritas
Laudate Dominum

Howard Helvey
G. Palestrina
Zoltán Kodály
Ola Gjeilo
Knut Nystedt

IGREXA CRISTO DA VICTORIA DE COIA

Domingo, 31 de marzo ás 19:00 h

CORAL POLIFÓNICA SAN ROQUE

Dirixe: Rafael Pérez Dopeso

Dona nobis pacem
Kyrie e Gloria
A la hora nona
Ave verum corpus
La saeta
Ave María

W. A. Mozart
Missa VIII “Angelis”
Carmelo Erdozán
W. A. Mozart
Joan Manuel Serrat
Giulio Caccini

CORAL POLIFÓNICA ARS VOCALIS DO CCAR RUEIRO DE COIA

Dirixe: Manuel Cunqueiro

Oh, lux beatissima
Alma Redemptoris Mater
Stabat Mater
Ubi caritas
Laudate Dominum

Howard Helvey
G. Palestrina
Zoltán Kodály
Ola Gjeilo
Knut Nystedt

IGREXA SANTA CLARA DE LAVADORES

Sábado, 6 de abril ás 20:00 h

CORAL POLIFÓNICA SANTA CLARA

Dirixe: Lino Borroto Vargas

Cordero de Dios
Santo
Pan y Vino serán tu cuerpo y sangre
Panis Angelicus
Ave María

Marco Frisina
Marco Frisina
Beatriz Corona
Cesar Franck
Jacob Arcadelt

CORAL POLIFÓNICA ALLEGRO

Dirixe: Preciosa Ucha Sobral

Dona nobis pacem
Pater noster
All my trials
Kyrie eleison
Aria da Suite nº 3
Deo gratias
Angele Dei (Gabriel's oboe)

W. A. Mozart
Chaikovski
Norman Luboff
Hans Leo Hassler
J. S. Bach
Urmas Sisask
Morricone /Rowlands

BASÍLICA – CONCATEDRAL SANTA MARÍA DE VIGO

Sábado, 6 de abril ás 20:00 h

CORO DE CÁMARA RÍAS BAIXAS

Dirixe: Brais González

Crucifixus (a 8 voces)
Mass for four voices
O sacrum convivium
Bogoroditse Devo
Ubi caritas
Second Eve
Alleluia a 8

Antonio Lotti
William Byrd
G. B. Pergolesi
S. Rachmaninoff
Maurice Duruflé
Ola Gjeilo
D. G. Artés

IGREXA DE SAN FRANCISCO (O Berbés)

Sábado, 6 de abril ás 20:30 h

SCHOLA GREGORIANA LUCENSIS

Dirixe: Nemesio Gutiérrez González

Reina del cielo
Alleluia. Assumpta est María
Quam pulchra es
Ay, mi Dios
Cantate Domino
Ecce panis Angelórum
Date ei et fructu
Ave María
Soberana María
Cantate Domino

José Castiñeira
Canto gregoriano
John Dunstable
Pedro de Cristo
Canto gregoriano
Canto gregoriano
T. L. de Victoria
T. L. de Victoria
Mateo Romero
G. Ottavio Pitoni

CORO DE VOCES GRAVES DE VIGO

Dirixe: Alberto Abal García

Miserere (Salmo 51)
Jesu, Salvator mundi
Kyrie
Haec díes (Gregoriano de Pascua)
Adoro te devote

Felipe Paz Carvajal
Menegalli Montani
Missa VIII “Angelis”
Oreste Ravanello
S. Tomás de Aquino



VIGO, UN MAR DE CORAIS

AS ORIXES DAS NOSAS CORAIS

Durante o século XIX constátase un movemento cultural musical na sociedade occidental, máis pronunciado na segunda metade. En España a prensa da época dá boa conta da existencia de numerosos orfeóns, masculinos todos, que gañaron espazo na vida cultural. Segundo a musicóloga M. Nagore Ferrer, a esta proliferación contribuíron factores como unha maior facilidade para os desprazamentos e o auxe do espírito competitivo que alentou os concursos de orfeóns. A mobilización de miles de persoas con ocasión destes certames, os recibimentos multitudinarios manifestan a popularidade destas sociedades corais erixidas en símbolos da localidade ou rexión respectiva e recibidas apoteosicamente á volta dunha xira ou certame.

En Galicia a comezos do século XX as agrupacións corais, que aos poucos foron incorporando voces femininas, atopan un importante aliciente ao abeiro das Irmandades da Fala, movemento sociocultural de capital importancia para a nosa terra. Entre os seus obxectivos, pretenden a dignificación do idioma propio e a erradicación do analfabetismo, e para conseguilo poténcianse empresas culturais tales como a creación de grupos teatrais, de escolas de declamación, de orfeóns (De Ruada, Toxos e Froles, Cántigas da Terra, Cántigas e Agarimos...). Convértense estes en lugares de ensino musical e estruturas de solidariedade fortemente cohesionadas.

Os xornais galegos de principios do século XX achegan constantes reseñas destes certames coralísticos organizados polas distintas sociedades creadas arredor dos orfeóns.

A tradición coralística en Vigo desenvólvese á par da europea do século XIX. Falamos de agrupacións como:

Orfeón Vigués (1880)

Sociedad La Oliva (1885)

Sociedad coral Filarmónica de Vigo (1894)

Coro Nocturno, máis tarde La Unión Viguesa (1892)

Orfeón Republicano de Vigo. Dirixido polo pai de Reveriano Soutullo.

Orfeón infantil de Vigo (1892). Aparece unha soa reseña da súa existencia na prensa dese ano.

Regionales

Se ha organizado en Vigo un orfeón infantil, que con singular maestría y gusto exquisito canta varias piezas de su repertorio.

Esta masa coral, que lleva el título de *Orfeón infantil de Vigo*, está compuesta por 17 niños, de los cuales el mayor apenas cuenta 12 años de edad.

Los dirige el niño Félix Gaos, de 12 años, hijo de nuestro querido amigo don Andrés Gaos, a quien damos nuestra enhorabuena por las aptitudes artísticas que su hijo Félix demuestra.

(EL ECO DE GALICIA, 24 marzo 1892)

Hoy jueves tendrá lugar en el Teatro Circo Tamberlick de Vigo la velada que á beneficio de las familias pobres de los naufragos del "Reina Regente" organiza la entusiasta Sociedad coral "La Oliva."

En ella tomarán parte los orfeones "La Oliva" y "La Unión Viguesa," la Sociedad filarmónica que dirige el señor Ulibarri, el conocido escritor pontevedrés señor Lois y otros muchos y valiosos elementos.

(GACETA DE GALICIA, 16 maio 1895)

Nos inicios de século XX salienta a figura do compositor Reveriano Soutullo. Con Pío Lino Cuíñas estreara o himno a Vigo en 1907 e a súa ligazón cos orfeóns vigueses da época é inevitable.

Nas primeiras décadas do século pasado xorden máis orfeóns na nosa contorna:

"La Aurora" de Sárdoma (1914)

"La Artística" (1917)

"La Estrella" de Freixeiro (1922)

"La Victoria" de Beade (1927)

"Queixumes dos Pinos" de Lavadores (1928)

"Airiños do Mar" de Teis (1928)

"Helios" de Bembrive (1928)

Fué obsequiado, en su finca de San Roque, el conde de Villar de Fuentes, con una serenata por el orfeón "La Aurora", de Sárdoma.

(LA IDEA MODERNA, 29 xuño 1914)

El periódico madrileño «A B C», publica un fotogramado del orfeón «La Artística», de Vigo después del triunfo obtenido en el certamen de Pontevedra,

El cliché es obra del afamado fotógrafo vigués D. Jaime Pacheco.

(EL PROGRESO, 27 setembro 1917)

Da Sociedade Coral Helios de Bembrive téñense rexistros fotográficos do ano 1928, pero testemuños orais de que xa existía en 1915. Da súa época son o Orfeón Airiños do Mar de Teis e o Coro Queixumes dos Pinos de Lavadores. Estas tres formacións competiron no Certame de orfeóns mixtos da Sociedade Cultural "La Aurora" de Sárdoma o 27 de xullo de 1929.

Sociedad Cultural

"Helios"

HOY EN GONDOMAR

Día a día signa su pujanza el canto regional con la rúbrica curvada que en los aires trazan las voces de nuestros coros

Hoy, el orfeón mixto de la sociedad bembivense "Helios", unido a otras masas coralies, firmará nuevamente, en el festival de Gondomar, el éxito de nuestras cántigas populares.

Con el "Helios" que consta de ochenta voces, actuarán en la fiesta el coro "Quixumes dos Pinos" y el "Airiños do Mar".

Aunque nos parece que estas tres agrupaciones son suficientes para llenar de público el campo de deportes gondomarense, escenario de la fiesta, la comisión organizadora acordó además la celebración de dos concursos: uno de acordeones, a base de la obra "Helios", original del maestro Angel Teijeiro, y otro de galas, los dos estimulados con importantes premios.

Los acordeonistas y galteros amenizarán, por añadidura un baile popular en el que tomarán parte las parejas infantiles de "Quixumes" y "La Aurora", de Sárdoma.

Por la noche, el campo estará espléndidamente iluminado con lámparas eléctricas.

(EL PUEBLO GALLEG0, 21 outubro 1928)

Otros bailes

Además de los ya reseñados, celebráronse anoche bailes de Piñata en el Recreo Artístico, de Bouzas, en la sociedad coral La Estrella, de Freijeiro, y en el local del coro "Quixumes dos Pinos", en Lavadores.

En todos estos bailes la concurrencia fué muy numerosa y la animación constante.

En el Recreo Artístico, de Bouzas, se repartieron valiosos premios, entre las lindas muchachas que engalanaron la fiesta con el triunfo de su belleza.

(EL PUEBLO GALLEG0, 9 xuño 1929)

Parque La Barxa

HOY, DIA 9

Dos grandes festivales gallegos

A las cinco y media y diez y media

Espectáculo magno.

Conciertos por la laureada banda de música del Regimiento de Murcia.

El Orfeón "La Victoria", de Beade.

El Coro "Airiños d,o Mar", de Teis y "El Hélios", de Bembibre.

Bailes populares y gran orquesta

P R E C I O S :

Caballeros, 1 peseta.

Señoras y señoritas, 0,50

(GALICIA, 8 decembro 1923)

DE TEIS

Los triunfos de "Airiños d-o Mar"


De antemano sabíamos que el orfeón mixto formado a base del notable coro "Airiños do Mar", haría excelente papel en el certamen celebrado el domingo, pues la concienzuda preparación y entusiasmo de todos sus elementos así nos esperanzaba; de suerte que no nos sorprendió el resultado.

Por unanimidad fué compensada la meritoria labor de "Airiños do Mar", que, en este certamen alcanzó el primer premio en oposición a tan dignos contrincantes como son "Queixumes dos Pinos" y el de la Sociedad Cultural "Hélios".

El premio consistente en un precioso estandarte viene a unirse al otro del año pasado (primer premio, concurso de coros).

Esta vez, el numerosísimo público que presenciaba el torneo aplaudió reiteradamente las irreprochables ejecuciones de las obras de concurso y de libre elección.

(EL PUEBLO GALLEGO, 30 xullo
1929)



Orfeón "La Victoria" na inauguración dos novos locais en Beade
(EL PUEBLO GALLEGO, 7 maio 1927)

LA FIESTA DE LA BARXA

El festival que el martes, 10, se celebrará en el Parque de "La Barxa", tiene un aliciente más. Consiste en un concierto por el orfeón "La Victoria", de Beade, que tendrá lugar de once de la noche a dos de la madrugada.

Hay gran espectación por oír a esta masa coral, que, en opinión de los versados está ya hoy a una gran altura.

(EL PUEBLO GALLEGO, 7 agosto 1927)

Logo da Guerra civil e da posguerra haberá que agardar á década dos 50 para atopar o rexurdimento coral na cidade.

La sociedad coral «La Aurora», de Sárdoma, ha dejado sin efecto el certamen de orfeones que había anunciado para el mes de agosto, en vista de los pocos que se han inscripto.

(EL COMPOSTELANO, 20 maio 1932)

De 1957 son as corais Cidade de Vigo, dependente da ONCE, e a Coral Casablanca. De 1958 é o Coro Lembranzas Galegas de Lavadores.

De 1963 data a Coral URECA.

No 1965 bota a andar unha das actividades corais de renome en Galicia, o Concurso de Panxoliñas da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, que durante máis de corenta anos fixo vibrar e sentir tanto a público como a cantores nunhas xornadas de concertos que se preparaban con tesón para dar o mellor. A este concurso presentábanse formacións corais consolidadas e coros infantís de colexios, e outorgábanse premios ás panxoliñas inéditas compostas para a ocasión.

Dos anos 70 son as corais de María Auxiliadora (1973), Atlántida de Matamá (1974), Valladares (1974), Candeán (1976), Coro Clásico (1978), Amarosa (1978).

Dos anos 80 son as corais Rueiro de Coia (1982), é o renacer da coral Helios de Bembrive (1985), CSCR de Beade (1987), Santa Clara de Lavadores (1987), Alborada de Cabral (1988), Máximo Gorki (1989), Real Club Náutico de Vigo (1989).

Dos anos 90 son as corais Perla del Atlántico de Alcabre (1991), Centro Social de Rivera Atienza (1992), Teis (1993), Nautilus de Comesaña (1993), Apóstol Santiago (1994), Grupo coral EPA (1994), San Pelayo de Navia (1995), Buen Pastor (1995), Allegro (1996), Zamáns (1997), Val do Fragoso (1997), Agarimo (1998).

Neste século aparecen Lira de San Miguel de Oia (2000), Colexio de Avogados (2000), Galicia Social (2000), Amadeus (2002), Anduriña de Coruxo (2002), Vivacce (2004).

A partir da Fundación de ACOPOVI nacen as seguintes corais: Rosalía de Castro (2005), Coro Rociero (2006), O Coto do Carballal (2010), Enarmonía (2011), San Roque (2012), Riomao do Calvario (2012), Ars Vocalis de Coia (2013), Coro de Câmara Rías Baixas (2013), Voces do Torreiro de Coia (2013), Coro Voces Graves de Vigo (2017), Cantos de Liberdade (2017), Sénior Campus Vigo (2021).

A creatividade propia que fai de ACOPOVI innovadora no panorama musical popular de base provoca un impacto na sociedade que resulta máxico pola súa propia magnitude. Vigo, sen dúbida, é unha cidade amante do canto.



“Airiños de Vigo”, Buenos Aires, 1955

**CONCELLO
DE VIGO**

